

Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Asunto: Alegacións anteproxecto de Lei de protección e benestar de animais de compañía en Galicia.

D. David Kleve, Presidente da asociación de cans de familia “Só Lles Falta Falar”, con NIF: G-70278403, domicilio a efectos de notificación en Rúa Hórreo Nº89 Planta 2-Porta D, 15705 – Santiago de Compostela – A Coruña.

EXPÓN

Que con data de 18 de Marzo publicouse o anteproxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Que por medio de este escrito formúlase en contra do anteproxecto as seguintes,

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA.- Art. 4.5: quedará redactado así:

5. Animais potencialmente perigosos: aqueles animais de compañía pertencentes tanto á fauna autóctona como alóctona que, con independencia da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertencan, poidan causar a morte ou provocar lesións ás persoas ou a outros animais, ou producir danos de 400.-€ ou outra cuantía ás cousas.

SEGUNDA.-Art. 4.15: Colocaríase como Art.16 despois de núcleo zoológico.

15. **Establecimiento de animais de compañía**: Calquera recinto, instalación, edificio ou grupo de edificios, incluíndo anexos e espazos que non estean totalmente pechados ou cubertos, así como as instalacións móbiles onde se aloxen, manteñan, críen ou se preste servizos a estes animais. (Este número debería estar situado despois do núcleo zoológico).

TERCEIRA.-Art. 4.16: Colocaríase como Art.15 antes de 'Establecimiento de animais de compañía' e quedaría redactado así:

16. **Núcleo zoológico**: establecimiento ou recinto, tanto de titularidade pública como privada, que alberga unha colección zoológica, de maneira permanente ou temporal. Considerarase núcleo zoológico a calqueira albergue de máis de cinco animais.

CUARTA.- Art. 4.17: quedará redactado así:

17. **Colección zoológica**: conxunto de animais de compañía, animais de parques zoológicos e das reservas zoológicas, que habitan nun núcleo zoológico. Considerarase como tal a propiedade, posesión ou tenza de máis de cinco animais.

QUINTA Art. 4.18: quedará redactado así:

18. **Canceira deportiva**: núcleo zoológico dedicado ao fomento, cría e coidado de cans coa finalidade da práctica dalgunha modalidade deportiva, incluída a actividade cinexética, que albergue unha cantidade superior a 5 exemplares maiores de 3 meses de idade.

SEXTA Art. 7.2 -b: quedará redactado así:

b) Proporcionarlles aloxamento suficiente, cómodo, a resguardo das inclemencias meteorolóxicas, mantelos en boas condicións hixiénico-sanitarias e ambientais, todo conforme á súa etoloxía.

SÉTIMA Art. 7.3 -b: quedará redactado así:

b) Adoptar as medidas necesarias para que os animais non poidan acceder libremente ás vías e espazos públicos ou privados, e no caso dos cans deberán levarlos provistos de correa e colar ou outros elementos de retención, agás naqueles lugares nos que se permita que transinten en liberdade e, en todo o caso, baixo o control e responsabilidade dos seus propietarios/as ou dos/as seus posuidores/as, e evitar danos aos viandantes. Os cans guías de persoas con disfuncións visuais estarán exentos en calquera situación de ser conducidos con buceira. Non obstante ao anterior, poderá excluírse de levarlos provistos de elementos de retención a aqueles animais que, pola medición de parámetros comportamentais e/ou proceso de socialización, educación e adestramento demostren aptitudes suficientes para ir ceibos.

OCTAVA Art. 9.1 -k: quedará redactado así:

k) A entrada e permanencia de animais de compañía, en calquera local destinado á fabricación, venda, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos. Non obstante, en restaurantes, bares, cafeterías e similares, a entrada e permanencia de animais estará condicionada ao criterio do dono do establecemento.

O acceso dos animais no caso dos locais destinados a espectáculos públicos, deportivos e culturais, quedará condicionado ás normas municipais de aplicación.

En todo caso, exceptúanse destas prohibicións os cans de asistencia e os pertencentes ás Forzas Armadas, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, autonómico e local, así como das empresas de seguridade con autorización oficial e os dos corpos de salvamento e rescate.

NOVENA Art. 9.1 -q: quedará redactado así:

q) Dar educación, entramento, adestramento usando métodos punitivos con reforzo negativo de forma sistemática, aos animais, así como de instigación ou preparación para pelexas ou ataques. Neste punto, prohíbese expresamente, implicar aos animais en pelexas, ataques ou agresións incluíndo a súa organización, así como incitalos, permitirlles atacar a unha persoa ou a calesquera outro animal.

DÉCIMA Art. 16: Engadido apartado 3 a este artigo :

3.- Non obstante ó anterior, poderá excluírse da anterior consideración aqueles animais que, pola medición de parámetros comportamentais e/ou proceso de socialización, educación e adestramento demostren non reunir as características que definen o perigo. Regulamentariamente determinarase o procedemento para a declaración de non perigo de cada un dos individuos aos que se refire este apartado.

UNDÉCIMA Art. 18.2 : quedará redactado así:

2. Os cans potencialmente perigosos terán que circular, nas vías públicas e nos lugares e espazos de uso público en xeral, atados con correa non extensible de lonxitude non superior a dous metros, provistos da correspondente buceira homologada e axeitada para a súa raza.

Ao noso entender cando un animal é realmente potencialmente perigoso, estas medidas de contención non son eficaces. A correa a dous metros de distancia (por simple aplicación de lei física) arrastra a calquera persoa, podendo ocasionar danos por empuxóns, derribas ou esmagamento. Non existen boceiras homologadas.

Por todo isto avogamos pola obrigatoriedade dunha previa e eficaz educación, antes de poder circular fóra de espazos privados.

DUODÉCIMA Art. 21.1-b : quedará redactado así:

b) Sen prexuízo das disposicións establecidas nas correspondentes ordenanzas municipais, prohíbese levar ceibos nas vías públicas, aos cans e demais animais domésticos, que deberán ir provistos de correa e colar ou outro elemento de retención, agás naqueles lugares nos que se permita que transiten en liberdade e, en todo caso, baixo o control e responsabilidade dos seus posuidores/as.

Exceptúanse os animais que fosen socializados, educados e adestrados e superen probas comportamentais que se determinan regulamentariamente. Os métodos de educación e adestramento serán sen uso de sistemas que infrinxan danos ao animal.

Non obstante o anterior, nos carreiros e camiños no ámbito rural poderase levar solto o animal sempre que non se ocasione danos, molestas nin riscos ás persoas, outros animais e cousas.

DÉCIMO TERCEIRA Art. 24.2-c : quedará redactado así:

c) Que o animal doméstico sexa declarado apto para a adopción polo veterinario responsable do centro de recollida no que se encuentre. Os animais deben ser entregados en adopción identificados, vacinados, desparasitados e esterilizados segundo prescripción do veterinario responsable, co fin de garantir o seu correcto estado hixiénico-sanitario.

Ademais deberá acompañarse á documentación un test de carácter, suscrito por técnico competente, a fin de que os adoptandos teñan plena información sobre o animal que van integrar no seu núcleo familiar. Trátase de informar da conduta do animal a través do mencionado test.

DÉCIMO CUARTA Art. 25.1 : quedará redactado así:

1. Cando non sexa posible a adopción ou cando concorran circunstancias que o aconsellen, o centro de recollida poderá entregar o animal abandonado, en réxime de acollemento temporal, a persoas físicas que poidan garantir o coidado, atención e condicións hixiénico sanitarias que precise. Este acollemento estará condicionado á devolución inmediata do animal se aparece un adoptante definitivo válido. Nestos casos deber cumprirse os requisitos establecidos no artigo 24.2 c.

DÉCIMO QUINTA Art. 29.3 : quedará redactado así:

3. As asociacións de protección e defensa dos animais teñen a obriga de de velar pola convivencia segura e benestar animal. A tal efecto, recoñeceráseles a condición de interesadas no procedemento administrativo sancionador que se substancie.

DÉCIMO SEXTA Art. 32.4 : quedará redactado así:

4. A Consellería competente en materia de protección animal regulará a formación en materia de protección dos animais de compañía, facendo especial fincapé na formación e cualificación dos profesionais que traballen cos animais. Neste sentido, fixará o contido e requisitos dos programas, dos cursos e das

entidades que impartan formación nesta materia.

Neste sentido deberá terse en conta a normativa supraautonómica do Estado Español e da Comunidade Europea.

Darase audiencia ás asociacións inscritas a fin de que poidan poidan ser oídas e, no seu caso, presentar informes.

DÉCIMO SÉTIMA Art. 37.2 : quedará redactado así:

2. Ao ser unha responsabilidade derivada dun procedemento sancionador, non cabe responsabilidade solidaria, senón de cada individuo

Así mesmo, serán responsables subsidiarios das sancións impostas, as persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades, e aquelas persoas que ocuparan cargos de administrador no momento de cometerse a infracción. (Non somos capaces de entender nin a redacción nin a finalidade).

DÉCIMO OITAVA Art. 38 -I : quedaría eliminado o apartado 'I' do artigo 38.

DÉCIMO NOVENA Art. 39 - i : quedará redactado así:

i) A venda de animais domésticos fóra dos establecementos, feiras e mercados legalmente autorizados.

VIXÉXIMA Art. 39 - II : quedará redactado así:

II) A venda de animais enfermos ou con taras.

En Santiago de Compostela a 11 de Abril de 2016

O presidente

O Secretario

David Kleve

Pablo Freire Nogareda